

III Proba VI Liga Galega SPRINT

Sprint Nocturno - Boletín 2

Presentación

O próximo 23 de Agosto o Club AROMON Pontevedra organiza a III proba da VI Liga Galega SPRINT cun novedoso Sprint Nocturno. Esta competición oficial está amparada pola Federación Española de Orientación (FEDO), o Consello Superior de Deportes (CSD) e a Federación Galega de Orientación (FEGADO).

Este formato está aberto a calquera persoa que queira participar, xa sexa en iniciación ou en categoría oficial. As persoas non federadas ou con licenza de proba só poderán participar en categorías de Iniciación.

A proba terá lugar no mapa da Illa das Esculturas, no concello de Pontevedra. Tende en conta que a posta de sol en pontevedra para a data da proba, será anterior ás 21:30, polo que será necesario o uso de frontal para todas as categorías de competición dende a primeira hora de saída.

Organización

Organizador: Club AROMON Pontevedra

Dirección da proba: Teresa Bellón Santos

Cartografía: Manuel Varela Rivera (2015) PO-1668-15

Trazados: Manu Varela Rivera

Xuíz Controlador: Antonio Domínguez Portas

Email de contacto: orientacion@aromon.gal

Localizacións ([Ver mapa](#))

Secretaría

Situada no pavillón [Multiúsos da Xunqueira](#), na rúa Celso Emilio Ferreiro.

Corentena

Situada na Rúa Celso Emilio Ferreiro, estará aberta **dende as 21:00 ata as 21:30**. A partir de esta hora non se permitirá o acceso aos deportistas. A corentena será obligatoria para todas as categorías oficiais, non para as categorías de iniciación curta e longa.

Haberá unha zona acotada onde deixar a túa mochila ou roupa antes de saír para poder collela ao rematar.

Non se recollerán os mapas ao finalizar a proba, polo que pedimos encarecidamente que exista o xogo limpo entre os participantes.

Nas instalacións dispoñemos de duchas que se poderán utilizar a partir das 22:43, cando o último corredor abandone a corentena, e ata o peche de meta.

Aparcamento

Poderase utilizar o aparcamento inferior do [Recinto Ferial do Pazo de Pontevedra](#), así como no aparcadoiro do [Pavillón Municipal dos Deportes](#).

Área embargada

Prohíbese o adestramento con mapa na zona embargada dende o momento da súa publicación, así coma a visualización de mapas de ningún tipo estando no terreo.



Mapa

Mapa cartografiado por Manu Varela Rivera, no ano 2015, revisado en xullo do 2025 polo mesmo cartógrafo.

Mapa que mistura parque e senda de area, con zonas pavimentadas do campus universitario, sen apenas desnivel.

Trazados

Proba deseñada en formato sprint, con tempos de gañador que se axustarán aos específicos en cada categoría, arredor dos 15 minutos.

CATEGORÍA	CONTROIS	DISTANCIA (m)	DESNIVEL(m)
F/M-12	10	2000	10
F/M-14	13	1900	15
F/M-16	15	2300	15
F/M-18	16	2400	20
F/M-21	15	2800	20
F/M-35	15	2600	20
F/M-45	15	2500	20
F/M-55	16	2300	15
SENIOR	19	3200	20
F-SENIOR	16	2800	20
INI CURTA	9	1500	10
INI LONGA	11	2000	10

A proba desenvolverase con tráfico aberto polo que será de obriga respectar as normas de circulación nos tramos que así o requiran.

Existen zonas cunha alta concentración de balizas, lembrando que a distancia mínima entre controis ca mesma descrición en Sprint é de 30m. Recomendamos encarecidamente a comprobación de códigos.

Para mellorar a lectura do mapa na categoría SENIOR haberá un cambio de mapa, estando este impreso polas dúas caras.

Regulamento

A proba está suxeita ó regulamento e ás normativas anuais da FEGADO:

[-Normas Anuais FEGADO](#)

[-Regulamento FEGADO](#)

Categorías

OFICIAIS - FEDERADOS

- **M-12, F-12:**
 - persoas que cumpren 12 anos ou menos en 2025 (nadas en 2013 ou posteriores).
- **M-14, F-14:**
 - persoas que cumpren 14 anos ou menos en 2025 (nadas en 2011 ou posteriores).
- **M-16, F-16:**
 - persoas que cumpren 16 anos ou menos en 2025 (nadas en 2009 ou posteriores).
- **M-18, F-18:**
 - persoas que cumpren 18 anos ou menos en 2025 (nadas en 2007 ou posteriores).
- **M-21, F-21:**
 - sen límite de idade.
- **SENIOR, F-SENIOR:**
 - sen límite de idade.
- **M-35, F-35:**
 - persoas que cumpren 35 anos ou máis en 2025 (nadas en 1990 e anteriores).
- **M-45, F-45:**
 - persoas que cumpren 45 anos ou máis en 2025 (nadas en 1980 e anteriores).
- **M-55, F-55:**
 - persoas que cumpren 55 anos ou máis en 2025 (nadas en 1970 e anteriores)

NON OFICIAIS - NON FEDERADOS

- **Iniciación curta:** sen límite de idade.
 - **Iniciación longa:** sen límite de idade.
-

Cronometraxe

O sistema de control de paso será **Sportident** con sistema **AIR+** activado. Polo que as estacións funcionarán tanto en **modo AIR** (sen contacto) como en modo **MANUAL**.

Recoméndase comprobar o estado da batería das SIAC antes de ir á Saída para ter tempo de cambiala, poder alugar unha ou ser consciente de ter que “picar manualmente os controis”. Habrá estacións BATTERY TEST na Secretaría e/ou na Presaída.

Horarios

- 21:00 Apertura da secretaría
- 21:30 Peche da corentena
- 22:00 Inicio de Saídas
 - ◆ Saídas INICIACIÓN: 22:00 - 22:30
- 23:33 Peche de meta

Os tempos máximos de carreira serán de 50 minutos segundo o establecido no Regulamento FEDO.

Avituallamento

Contaremos con avituallamento líquido ó rematar a proba. Para minimizar o uso de plásticos, pedimos que os deportistas usen os seus propios vasiños reutilizables ou cantimploras.

Inscricións

Data límite 23:50 horas do domingo 17 de agosto de 2025.

A través do sistema de inscricións da FEGADO <https://intranet.fegado.es>

PREZOS Categorías Oficiais:

- M/F18 e inferiores: 7€
- M/F21 e superiores: 10€

Categorías NON Oficiais:

- Iniciación curta: 10€ (con licencia de proba)
- Iniciación longa: 13€ (con licencia de proba)

Outros prezos

- Aluguer de Sport-Ident: 3€
- Modificación Sport-Ident unha vez pechadas as inscricións: 2€
- Modificación Sport-Ident o día da proba: 5€
- Reposición de Dorsal: 3€
- Inscricións fora de prazo: +100% da cota correspondente

Os corredores NON federados deberán inscribirse a través de un club FEGADO.

As inscricións non se considerarán formalizadas ata a realización do ingreso bancario, o cal se acreditará enviando unha copia do xustificante da transferencia, á dirección de correo electrónico: info@aromon.gal

Os clubs serán os responsables do pagamento das inscricións dos seus socios, realizarán un único ingreso bancario co importe total.

o Datos para realizar o pago:

- TITULAR: Club AROMON
- IBAN: ES27 3070 0047 9362 6495 0129
- CONCEPTO: PONTEVERÁN+Nome do Club

o Enviar copia do comprobante de pago ó correo: info@aromon.gal

o Os clubs que desexen factura deberán indicalo e achegar os seus datos fiscais.

o Poderase facer un único pago das 3 probas conxuntas do fin de semana.

coa colaboración de:

